

Festival de Innovación Social: Ares Innova 2021

A especialización intelixente para transformar Galicia

Estratexia de Especialización
Intelixente e Sustentable RIS3
2021-2027

Venres 1 de outubro (Montefaro)
Sábado 2 de outubro (Redes)
Sábado 9 de outubro (Ares)

RIS3-DESEÑO E INNOVACIÓN SOCIAL

Galicia quere ser pioneira na incorporación da dimensión social na súa Estratexia de Especialización Intelixente (RIS3) para o período 2021-2027. O obxectivo é transformar Galicia de forma colectiva enfrontando, mediante a innovación social, os retos que se presentan en dous eixes:

- O talento, potenciándoo para redefinir as profesións do futuro e crear emprego de calidade.
- A sustentabilidade, coa vista posta en impulsar unha economía colaborativa baseada na circularidade.

A innovación impacta directamente na vida das persoas e é fundamental para xerar benestar social e económico. Con este obxectivo, a RIS3 galega 2021-2027 está aberta á participación de todas e todos e por iso resulta necesario invitar ao conxunto da cidadanía a coñecer e compartir este proceso. Para canalizar esta enerxía colectiva e achegar a cultura da innovación social a públicos de todas as idades, a **Axencia Galega de Innovación** da Xunta de Galicia organiza o **Festival de Innovación Social Ares Innova 2021**.

O evento terá lugar no concello coruñés de Ares, que se converterá nun laboratorio vivinte para explorar en comunidade solucións compartidas a retos sociais, económicos e medioambientais.

O festival organízase no marco da RIS3 de Galicia e do Programa de Deseño para a Innovación e a Sustentabilidade 2024 – DIFERENZA, e conta coa colaboración de numerosas entidades locais e de expertos en innovación social e deseño estratéxico.

Un dos seus eixes principais é o proxecto RuralLab, que ten como obxectivo buscar solucións de innovación rural aplicadas ao territorio de Ares mediante a participación cidadá nos ámbitos do turismo sustentable, o envellecemento activo e o emprendemento responsable. O proxecto piloto, ao que a Xunta acaba de sumarse, está a ser desenvolvido pola Fundación DIDAC e a Fundación Gabeiras e será extrapolado a outros territorios de Galicia.

VENRES 1 DE OUTUBRO - MONTEFARO

- 13.00 **Presentación RIS3 para a INNOVACIÓN SOCIAL: Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia RIS3 Galicia 2021-2027.**
Patricia Argerey, Directora da Axencia Galega de Innovación.
Lugar: Biblioteca Municipal de Ares (edificio indiano da “Alianza Aresana”).
- 16.30 **Presentación do Festival de Innovación Social: Ares Innova 2021.**
Patricia Argerey, directora Axencia Galega de Innovación.
Lugar: Mosteiro de Santa Catalina de Montefaro.
- 16.35 **Charla inspiradora – debate.**
“Como podemos imaxinar o rural como oportunidade? Cales son os verdadeiros desafíos económicos, sociais e medioambientais? Como traballar o patrimonio material e inmaterial para convertelo en oportunidade?”
Con **Alberto Barreiro** (experto en deseño e transformación), **Manuel Vázquez** (deseñador estratéxico en Soulsight), **Patricia Gabeiras** (Fundación Gabeiras), **Nuria Alonso** (Fundación Entretantos). Modera: **David Barro** (Fundación DIDAC).
Lugar: Mosteiro de Santa Catalina de Montefaro.
- 17.30 **Presentación do proxecto RuralLab e das súas residencias para a innovación social e creativa para a transformación económica sustentable.**
Presentan: **Alberto Barreiro** e **María Lorenzo**
Lugar: Mosteiro de Santa Catalina de Montefaro.
- 18.00 **Presentación da exposición Xustiza Ártabra de Vitor Mejuto.**
Lugar: Mosteiro de Santa Catalina de Montefaro.
- 18.30 **Acción performativa innovadora de NAPAL**, trío de arte e música electroacústica experimental composto por **Pablo Rega**, **Mateo Mena** e **Macarena Montesinos**.
Lugar: Mosteiro de Santa Catalina de Montefaro.

SÁBADO 2 DE OUTUBRO - REDES

9.15-11.45 / 13.00-14.30 / 16.00-18.30

Talleres de *design thinking* e deseño de futuros para a co-creación na procura de solución creativas e responsables nos ámbitos económico, social e medioambiental para o concello de Ares e Ferrolterra (grupo de traballo con asociacións, agrupacións locais e expertos estratéxicos).

Lugar: A Tenencia. Escola da Agrupación Instrutiva de Redes-Camouco (edificio indiano situado en Redes).

12.00 **Performance sobre o mar e as posibilidades do oficio artesán** da creadora pluridisciplinar **Verónica Moar**.

Lugar: Praia de Redes.

SÁBADO 9 DE OUTUBRO - ARES

Lugar: Praza da Constitución.

Presenta: **María Solar**, xornalista, escritora e presentadora.

10.00 **Charla inspiradora.**

Alberto Barreiro, deseñador estratéxico.

“Que é a innovación? Como podemos contribuír á especialización intelixente da nosa rexión? Por que todos podemos e debemos innovar? Como podemos imaxinar o rural como oportunidade?”

10.25 **Apertura do festival.**

Francisco Conde López, vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación.

Julio Iglesias, alcalde Concello de Ares.

10.50 **Apertura dos talleres de innovación para familias para conxugar arte, ciencia mariña e tecnoloxías abertas.**

Mostra de proxectos de innovación realizados por cativos e cativas do colectivo VermisLAB para dar solucións a diferentes problemáticas sociais. Furgomaker, medio mariño e economía circular.

Coordinados por VermisLAB.

11.00 **Presentación do proxecto RuralLab e as súas residencias para a innovación social e creativa**, enmarcado no Programa de Deseño para a Innovación e a Sustentabilidade 2024 – DIFERENZA.

Presentan: **David Barro** (Fundación DIDAC) e **Patricia Gabeiras** (Fundación Gabeiras).

- 11.10 **Faladoiro / Tribuna pública: Diálogos coa cidadanía.**
“Onde chega o mar”. Como xerar emprego e riqueza a través da economía azul e como acoller solucións innovadoras para a captura de carbono, biomateriais, enerxía...
Rita Míguez, presidenta de ANMUPESCA, Asociación Nacional de Mujeres de la Pesca.
Laurent Ogel, promotor de PRAXXIS Inclusión Sociedade Cooperativa Galega e promotor de A02Velas, asociación náutica, social, ecolóxica e sustentable.
Modera: **Javier García Galdo**, biólogo mariño e director técnico en Sinexia Consultora.
- 12.00 **Faladoiro / Tribuna pública: Diálogos coa cidadanía.**
“Pensar coma un bosque”. Como innovar na explotación e mantemento dos bosques dunha maneira responsable e capaz de incorporar a súa sustentabilidade ao impacto.
Patricia Gabeiras, avogada e Premio Osíxeno, outorgado pola Asociación para la defensa ecolóxica de Galicia (ADEGA) polo seu labor en defensa do medio ambiente.
Francisco Pedras, presidente Asociación A Monte.
Fran García, analista territorial e socio fundador da Asociación para a Custodia do Bosque Atlántico Betula.
Modera: **Eva González**, coordinadora Grupo Desenvolvemento Rural (GDR) Limia-Arnoia e socia fundadora da empresa Carabuña.
- 12.45 **Instalación performativa e actuación escénica urbana** da artista **María Roja**, realizada a partir dunha acción debuxística e tecnolóxica colaborativa.

ACTIVIDADES PERMANENTES ESTRATEXIA DE ESPECIALIZACIÓN INTELIXENTE RIS3 GALICIA

- *Stand* onde se invita á cidadanía a participar na elaboración da nova RIS3 e onde aporten suxerencias no relativo a como a investigación e a innovación poden contribuír á mellora económica, social e medioambiental de Ares.
- Exposición RIS3: Proxectos de investigación e innovación sustentables para a mellora económica, social e medioambiental de Galicia.